

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

C.E.I.P. DE ARTEIXO

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 14	CENTRO:C.E.I.P. DE ARTEIXO CURSO:1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
--	-------------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles LINGUA CASTELÁ	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos.	LCB3.1.1. Discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías. LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións...
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. B4.2. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas. LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. LGB4.2.1. Recoñece a relación entre son e grafía LGB4.2.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas.	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos.
B5.3. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.	LCB5.3.1. Recrea de xeito individual sinxelos textos literarios.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
LINGUA GALEGA**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. LGB3.1.3. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas e o punto.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. B4.2. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas. LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. LGB4.2.1. Recoñece a relación entre son e grafía LGB4.2.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.
B4.4. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.4.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.
B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas...; usando modelos.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
MATEMÁTICAS**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<input type="checkbox"/> B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	<input type="checkbox"/> MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.
<input type="checkbox"/> B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	<input type="checkbox"/> MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.
	<input type="checkbox"/> MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	<input type="checkbox"/> MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
	<input type="checkbox"/> MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
<input type="checkbox"/> B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<input type="checkbox"/> MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

	<input type="checkbox"/> MTB2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. 	<input type="checkbox"/> MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
CIENCIAS SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B2.7.Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día</p> <p>B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home.Exemplos.</p>	<p>CSB2.7.1.Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite</p> <p>CSB2.8.1.Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.</p>
<p>B3.5.Diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.</p> <p>B3.6.Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.</p>	<p>CSB3.5.1.Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.</p> <p>CSB3.6.1.Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.</p>

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
CIENCIAS DA NATUREZA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes. CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.</p> <p>B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.</p>	<p>EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.</p> <p>EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.</p>

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas. ▪

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Os procedementos de avaliación adecúanse as adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.

A avaliación será continua, global, diagnóstica e formativa. Serán tidas en conta as notas das primeira e segunda avaliación, así como as actividades desenvolvidas neste terceiro trimestre, sempre que estas beneficien ao alumnado.

Instrumentos:

-Seguimento das tarefas entregadas de forma manual. .Intervencións do alumnado nas diferentes plataformas virtuais usadas polo profesorado de 1º.

-Correos electrónicos, mensaxes telefónicas, audios, vídeos...onde se establece comunicación entre profesorado e alumnado.

<p>Cualificación final</p>	<p>A avaliación e cualificación do alumno adáptase ás aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa cualificación da 2ª avaliación, podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ata nun máximo dun 20% segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas e/ou entregadas.</p> <p>Poderá promocionar alumnado, e de maneira excepcional, neste curso 2019-20 sen ter en conta limitacións que afecten ao número de áreas pendentas. Haberá un informe individual que terá carácter informativo e orientador, detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre, e que deberán ser obxecto de tratamento durante o próximo curso escolar 2020-2021</p>
-----------------------------------	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Desenvolvemento de actividades de repaso, recuperación, reforzo das aprendizaxes e competencias adquiridas nos dous primeiros trimestres así como ampliación das aprendizaxes tomando como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que requiran unha mínima intervención docente para a súa adquisición.
Metodoloxía	A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento das tarefas e actividades plantexadas a través das plataformas dixitais usadas. Todo isto, contando coa estreita e necesaria colaboración das familias, tendo en conta a falta de autonomía do alumnado deste nivel.
Materiais e recursos	Materiais trasladados de forma telemática (fichas, vídeos, tutoriais...) Móbiles para o acceso as actividades plantexadas. Aplicación dixital whatsapp. Libros de texto.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Toda comunidade educativa, en especial as familias e alumnado, serán informados deste procedemento ao traveso das distintas canles de publicación que emprega o Centro;</p> <ul style="list-style-type: none"> -Información na Páxina WEB do centro. -Información por comunicación Titorial . -Información a través do correo electrónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.